

# Antonia Ferrín Moreiras

(Ourense, 1914-Santiago de Compostela, 2009)



Matemática, profesora e astrónoma galega. En 1920 traslándose, coa súa familia, a vivir a Santiago de Compostela para poder estudar, tanto ela como as súas irmás. En 1930 ingresa na Facultade de Ciencias. En 1934 xa é licenciada en Química e Mestra; ademais de profesora axudante de prácticas na Facultade e no Instituto, e exerce en ambos os casos sen cobrar, ata o ano 1936. Ao mesmo tempo, realiza a carreira de Farmacia e os dous únicos cursos de Ciencias Exactas que se impartían na Universidade de Santiago de Compostela (USC).

En 1937 é represaliada e apartada da docencia ata 1940.

Nos anos corenta comeza a colaborar co Dr. D. Ramón M.<sup>a</sup> Aller, no Observatorio Astronómico de Santiago de Compostela, por máis de 18 anos. Deste tempo lembra,

*as noites de observación supuxeron horas de intenso frío, porque non podía vestir pantalóns nun tempo no que esta prenda non se toleraba nas mulleres.*

En 1950 licénciase en Ciencias Exactas na Universidade Central de Madrid, tras estudar como alumna libre.

En 1952 obtén un posto de axudante de investigación no CSIC.

En 1953 obtén a cátedra de Matemáticas na Escola Normal de Santander, e en 1955 traslández á Normal de Santiago de Compostela.

En 1957, convértese na primeira muller profesora da Sección de Matemáticas da USC, creada ese ano. Realiza, por libre, os cursos de doutoramento na Universidade Central de Madrid (UCM), e en 1963 presenta a tese de doutoramento titulada *Observacións de pasos por dúas verticais*. Tivo o dobre mérito de ser a primeira memoria de Astronomía e a primeira que se defendeu na Facultade de Matemáticas da USC.

Traslández a Madrid e comeza a colaborar co Dr. D. José M.<sup>a</sup> Torroja, catedrático de Astronomía da Facultade de Matemáticas da UCM.

Xubíllase en 1984, despois de 50 anos de exercicio profesional.

Con motivo da celebración do 50 aniversario da Licenciatura de Matemáticas da USC, foi elixida a súa madriña e tamén se lle puxo o seu nome a unha das seis aulas da Facultade de Matemáticas.

Leva o seu nome o Premio de creación de materiais e recursos docente con perspectiva de xénero da Universidade de Vigo, creado en 2013.